

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ORDE do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para fomentar a adopción de animais domésticos de compañía abandonados acollidos nos centros de recollida autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MT811C).

A protección e benestar dos animais de compañía régulase en Galicia a través da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia e polo Decreto 153/1998, do 2 de abril.

Esta normativa recolle as mínimas atencións que deben recibir os animais, desde o punto de vista hixiénico-sanitario, co fin de garantirlles uns mínimos de bo trato, fixando como principio fundamental de protección o da posesión ou tenza responsable, así como os requisitos que deben cumprir os animais para a súa adopción, entre eles, que proveñan dun centro de recollida autorizado e que sexan entregados identificados e esterilizados.

A Lei 4/2017, do 3 de outubro, establece que corresponde ás administracións locais a recollida de animais abandonados nos seus respectivos termos municipais, para os cales o seu destino prioritario será a súa adopción, e regula no seu artigo 24 os requisitos mínimos que deben cumprirse para a adopción dos animais domésticos abandonados, entre os cales se inclúe, que o animal doméstico proveña dun centro de recollida autorizado e que sexa declarado apto para a adopción polo veterinario ou veterinaria responsable do centro de recollida en que estea. Ademais destes requisitos, os animais deben ser entregados en adopción identificados, vacinados, desparasitados e esterilizados, segundo prescrición da veterinaria ou veterinario responsable, co fin de garantir o seu correcto estado hixiénico-sanitario.

A Lei 4/2017, do 3 de outubro, tamén determina que a adopción deberá ser gratuíta, sen prexuízo de que o propio centro de recollida poida repercutir sobre quen o adopte os custos derivados dos tratamentos fornecidos, da identificación e da esterilización, segundo proceda.

Ademais do anterior, a Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos animais, que entrou en vigor o 29 de setembro de 2023, introduce entre outras novidades a obriga por parte das comunidades autónomas da elaboración de programas



territoriais de protección animal, que deberán incluír medidas orientadas a eliminar os malos tratos animais e a reducir o abandono de animais de compañía e abordarán, entre outros aspectos, o fomento da adopción de animais de compañía.

Este novo contexto normativo suporá un maior esforzo no compromiso da Administración autonómica galega en relación coa atención aos animais abandonados, e será necesario facilitar o acceso a axudas que permitan fomentar a adopción dos animais abandonados recollidos nestes centros, dando así unha resposta axeitada a estas novas necesidades e complementando, por outra banda, o compromiso xa adquirido pola Xunta de Galicia desde a aprobación da Lei 4/20217, do 3 de outubro, mediante as liñas de axudas establecidas para apoio ás administracións locais e ás entidades de protección animal.

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de acordo co establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuídas, entre outras, as competencias relativas á aplicación de medidas de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro en Galicia.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exigencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e principios de aplicación*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas destinadas a fomentar a adopción de animais domésticos de compañía abandonados acoillidos nos centros de recollida autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, así como efectuar a súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MT811C).

2. Para os efectos do disposto na epígrafe anterior, entenderanse por animais domésticos de compañía os pertencentes ás especies canina e felina, e por animal entregado en adopción o animal doméstico abandonado que foi cedido en adopción nun centro de



recollida autorizado e que consta correctamente inscrito a nome da persoa adoptante no Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía (en diante, Regiac), segundo o recollido no artigo 4.7 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

3. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non-discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Actuaciones subvencionables*

Serán actuacións subvencionables ao abeiro desta orde os custos derivados da identificación, esterilización, desparasitación e vacinación, segundo proceda, que o propio centro de recollida ou un centro veterinario colaborador deste poida repercutir sobre quen adopte un animal doméstico de compañía abandonado acollido nun dos centros de recollida autorizados na Comunidade Autónoma de Galicia.

A listaxe de centros de recollida autorizados en Galicia está dispoñible para a súa consulta pública no portal web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático na seguinte li-gazón: https://cmatv.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Conservacion?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Animais_domesticos_e_salvaxes/seccion.html&std=Inscripcion_dun_establecimiento.html&sub=Rexistro_de_establecimientos_e_de_asociacions/

Artigo 3. *Ámbito temporal*

O período subvencionable comprende as adopcións que se produzan desde o 1 de outubro de 2024 ata o 30 de setembro de 2025, incluído.

Artigo 4. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias as persoas físicas que acrediten a adopción dun animal doméstico de compañía abandonado que proveña dalgún dos centros de recollida autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de cumprirse con respecto ao animal obxecto de adopción os requisitos establecidos no artigo 24.2 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.



2. Entenderase, para os efectos desta orde, que un animal foi adoptado por unha persoa cando, rematado o proceso de identificación e inscrición no Regiac regulado na Lei 4/2017, do 3 de outubro, e no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos, conste como persoa titular do animal no citado rexistro. Non serán consideradas como válidas as adopcións para as cales non se rematou o proceso de inscrición no Regiac por causas imputables á persoa adoptante.

3. Ademais do anterior, deberán cumprirse os requisitos establecidos no artigo 24.3 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.

Artigo 5. *Requisitos exigibles ás persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e non estar incursas en ningunha das circunstancias previstas no seu artigo 10.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas físicas que teñan sancións firmes pendentes de pagamento na vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos; na Lei 4/2017, do 3 de outubro, ou na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

3. As persoas beneficiarias destas axudas deberán comprometerse a non realizar a transmisión do animal a outra persoa distinta durante toda a vida do animal, agás nos supostos de falecemento da persoa titular do animal adoptado, imposibilidade para continuar coa súa atención e coidado por motivos de enfermidade, incapacidade sobrevida ou de vulnerabilidade económica debidamente xustificadas mediante certificado de defunción, informe médico ou dos servizos sociais.

4. No suposto de que o animal adoptado teña a consideración de animal potencialmente perigoso consonte o establecido no artigo 16 da Lei 4/2017, do 3 de outubro, a persoa beneficiaria deberá contar coa licenza municipal para a tenza e custodia deste tipo de animais, de conformidade co recollido no artigo 17 da antedita lei.

Artigo 6. *Contía da axuda*

1. O importe máximo da axuda será de 150 €/animal da especie canina adoptado e de 125 €/animal da especie felina adoptado. En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da acción subvencionable.



2. O número máximo de animais polos cales se poderá percibir a axuda será dun máximo de dous (2) animais por persoa.

3. A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 7. *Compatibilidade*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para as mesmas finalidades, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de setembro de 2025.

Artigo 9. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

3. A solicitude da axuda, segundo o anexo I desta orde (código de procedemento MT811C), inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.



b) Declaración da conta bancaria para a transferencia bancaria.

c) Declaración de que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

d) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin en ningunha das situacións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Declaración de non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Declaración responsable de non ter sancións firmes pendentes de pagamento na vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 50/1999, do 23 de decembro, na Lei 4/2017, do 3 de outubro, ou na Lei 7/2023, do 28 de marzo.

h) Compromiso de non realizar a transmisión do animal a outra persoa distinta da persoa beneficiaria durante toda a vida do animal, agás nos supostos de falecemento do titular do animal adoptado, imposibilidade para continuar coa súa atención e coidado por motivos de enfermidade, incapacidade sobrevida ou de vulnerabilidade económica debidamente xustificadas mediante informe médico ou dos servizos sociais.

4. A solicitude para ser persoa beneficiaria da axuda levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na súa solicitude. Non obstante, as persoas ou entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorran algunhas das circunstancias previstas na alínea d), número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 10. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación complementaria:

a) Acreditación da persoa representante que asine a solicitude, cando proceda, por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

b) Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo II, que preste os seus servizos para o centro de recollida autorizado en que se encontra o animal e no cal se recollan os seguintes aspectos:

- Centro de recollida autorizado onde se realiza a adopción.
- Que o animal foi declarado apto para a adopción.
- Procedementos e tratamentos obrigatorios realizados e completados, segundo proceda:
 - Identificación do animal segundo o artigo 12 da Lei 4/2017, do 3 de outubro.
 - Esterilización cirúrxica.
 - Tratamentos profilácticos: desparasitación e vacinación.

No caso de que non fose realizado ningún dos citados procedementos e tratamentos obrigatorios, segundo o artigo 24.2.c) da Lei 4/2017, do 3 de outubro, deberá indicarse o motivo.

c) Copia da factura ou documentos de valor probatorio equivalente en que se detallen os custos derivados dos tratamentos profilácticos fornecidos (desparasitación e vacinación), da identificación e da esterilización, segundo proceda, emitida a nome da persoa adoptante. O citado documento virá acompañado da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento. Non obstante, para estes efectos, e consonte o disposto no artigo 42.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso



de importes inferiores a 1.000 €, a documentación acreditativa do gasto e do pagamento poderá consistir no correspondente xustificante de recepción do proveedor.

d) Copia da solicitude de inscrición ou de troco de persoa propietaria no Regiac.

e) No suposto dos animais considerados como potencialmente perigosos:

- Copia da licenza municipal expedida a nome da persoa adoptante.

- Certificado sanitario, expedido por persoal facultativo veterinario da situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que o poidan facer potencialmente perigoso, así como que o animal carece de lesións ou cicatrices que poidan estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

CVE-DOG: g97qgmio-k634-t0q5-wfd4-txhdu3qwrh6



4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- d) Certificado de estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT).
- e) Certificado de estar ao día no cumprimento da obrigas coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Inscripción do animal adoptado no Regiac.
- g) Non ter sancións firmes pendentes de pagamento na vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos; na Lei 4/2017, do 3 de outubro; ou na Lei 7/2023, do 28 de marzo.
- h) Non estar inhabilitado para a tenza de animais.
- i) Concesións de subvencións e axudas.
- j) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel, efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse realizadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 14. *Procedemento de concesión*

1. A concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrència non competitiva.
2. O procedemento de concesión iniciárase coa presentación da solicitude de axuda.
3. A orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnen os requisitos establecidos será por orde rigorosa da data de presentación da solicitude.

Para os efectos de determinar a prelación temporal, a data para ter en conta será a data e hora de presentación da solicitude. No caso de presentación de achegas ou de que a solicitude requira emenda, teranse en conta a data e a hora en que a persoa solicitante presente correctamente toda a documentación e a información requirida.

No caso de que máis dunha solicitude teña a mesma data de presentación, prevalecerá a solicitude cuxa data e hora de presentación fosen anteriores segundo conste no Rexistro Electrónico Xeral e, en último caso, prevalecerá aquela á cal o sistema lle asignase automaticamente o número de entrada máis baixo.

4. Estas axudas tramitaranse mediante o procedemento abreviado, ao abeiro do artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiráselle á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. O Servizo de Conservación da Biodiversidade examinará e revisará a documentación acompañante que se especifica no artigo 10 desta orde.

2. No caso de que se detecten erros ou omisións, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se terá por desistida da súa petición, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a in-



formación e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

4. O Servizo de Conservación da Biodiversidade emitirá informes á Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas para que esta continúe coa súa tramitación.

5. Unha vez recibidos os informes e a documentación, a Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instrutor, realizará as propostas de resolución das solicitudes á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto.

Artigo 16. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde correspóndelle á persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses, contados desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, as persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. En ningún caso se concederán aboamentos á conta ou pagamentos anticipados.

Artigo 17. *Aceptación da axuda concedida*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado polas persoas ou entidades interesadas que sexan propostas como beneficiarias no prazo máximo de dez (10) días desde



a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 19. *Publicidade*

1. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación de subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

2. Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Artigo 20. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionable en Galicia.

2. As persoas interesadas terán, en calquera momento, o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos seus datos, que figuren no Rexistro Público de Subvencións, de conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



3. A solicitude para ser persoa beneficiaria das axudas incluídas nesta orde levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorra, algunha das circunstancias previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BNDS). A BNDS daralle traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 21. *Pagamento*

1. O pagamento corresponderase coa contía indicada no artigo 6 desta orde.

2. Para o pagamento da axuda será imprescindible que as persoas beneficiarias estean ao día nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e que non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma. De acordo co establecido no artigo 12, o órgano xestor das axudas poderá obter dos organismos competentes as citadas certificacións.

3. O pagamento das axudas efectuarase mediante transferencia na conta bancaria indicada na solicitude.

Artigo 22. *Crédito orzamentario*

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025 no momento resolución.

CVE-DOG: g97qgmio-k634-t0q5-wfd4-txhdu3qwrh6



2. As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.541B.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025. O importe asignado é de corenta mil euros (40.000 €).

3. O importe consignado, así como a aplicación a que se impute, poderá ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para os efectos. En todo caso, a concesión das axudas estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

4. A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde cando o incremento derive:

- a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.
- c) Dunha transferencia de crédito se o procedemento de concesión da subvención é o o previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. As solicitudes que non se poidan conceder por falta de dispoñibilidade orzamentaria atenderanse con cargo á convocatoria do ano seguinte, de se producir.

Artigo 23. *Disposicións xerais*

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



3. As persoas ou entidades beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos casos e nos termos previstos no seu artigo 33.

Disposición adicional única. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para actuar por delegación da persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que ditén, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2024

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

CVE-DOG: g97qgmio-k634-t0q5-wfd4-txhdu3qwrh6



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO

ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS PARA FOMENTAR A ADOPCIÓN DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DE COMPAÑÍA	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MT811C	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	----------------------------------	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
SEXO		

ENDEREZO

PAÍS				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2
CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
SEXO		

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICOANEXO I
(continuación)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

☐

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

☐

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

DATOS BANCARIOS

☐ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

DATOS IDENTIFICATIVOS DO ANIMAL

Nº animal

Número de microchip

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Non ter sancións firmes pendentes de pagamento na vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 50/1999, do 23 de decembro; na Lei 4/2017, do 3 de outubro, ou na Lei 7/2023, do 28 de marzo.
7. Comprometerse a non realizar a transmisión do animal a outra persoa distinta da persoa beneficiaria durante toda a vida do animal, agás nos supostos previstos no artigo 5 da orde de axudas.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Certificado do persoal facultativo veterinario, segundo o modelo do anexo II, que preste os seus servizos para o centro de recollida autorizado en que estea o animal.
- ☐ Copia da factura ou documentos de valor probatorio equivalente en que se detallen os custos derivados dos tratamentos profilácticos fornecidos (desparasitación e vacinación), da identificación e da esterilización, segundo proceda, emitida a nome da persoa adoptante. O citado documento virá acompañado da xustificación do pagamento efectivo dos gastos en que se incorreu, a través da copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento. Non obstante, para estes efectos, e consonte o disposto no artigo 42.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de importes inferiores a 1.000 €, a documentación acreditativa do gasto e do pagamento poderá consistir no correspondente xustificante de recepción do provedor.
- ☐ Copia da solicitude de inscrición ou de troco de persoa propietaria no Regiac.
- ☐ Copia da licenza municipal expedida a nome da persoa adoptante, de tratarse de animais que teñen a consideración de potencialmente perigosos.
- ☐ Certificado sanitario, expedido por persoal facultativo veterinario, da situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou síntomas que o poidan facer potencialmente perigoso, así como que o animal carece de lesións ou cicatrices que poidesen estar relacionadas coa utilización do animal en pelexas ou outras actividades prohibidas, de tratarse de animais que teñen a consideración de potencialmente perigosos.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Documento acreditativo da representación por calquera dos medios sinalados no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 32 do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.			



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	☐
DNI ou NIE da persoa representante	☐
Certificado de estar ao día no cumprimento de obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no cumprimento de obrigas coa Facenda de Comunidade Autónoma de Galicia	☐
Inscripción do animal adoptado no Regiac	☐
Non ter sancións firmes pendentes de pagamento na vía administrativa por infraccións tipificadas na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos; na Lei 4/2017, do 3 de outubro, ou na Lei 7/2023, do 28 de marzo	☐
Non estar inhabilitado para a tenza de animais	☐
Concesións de subvencións e axudas	☐
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xuño, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICO****ANEXO I**
(continuación)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 20 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para fomentar a adopción de animais domésticos de compañía abandonados acollidos nos centros de recollida autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MT811C).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

CVE-DOG: g97qgm10-k634-t0q5-wfd4-txhdu3qwrh6

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO II

CERTIFICADO DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO

DATOS DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO							
IDENTIFICACIÓN							
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR					
NOME	PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO				
Nº COLEXIACIÓN	Nº DE VETERINARIO/ACTUANTE						
ENDEREZO							
PAÍS							
ESPAÑA							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
PARROQUIA		LUGAR					
CONTACTO							
PREFIXO	TELÉFONO 1	PREFIXO	TELÉFONO 2				
CORREO ELECTRÓNICO							

IDENTIFICACIÓN DO ESTABLECIMENTO DE ANIMAIS ABANDONADOS PARA O CAL SE REALIZARON OS SERVIZOS VETERINARIOS DETALLADOS		
CÓDIGO DE REXISTRO DO NÚCLEO ZOOLÓXICO (REGANUZ)		
DENOMINACIÓN		
ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO

DATOS SOBRE OS ANIMAIS			
ANIMAL	1		
Nº DE MICROCHIP			
Especie			
Raza			
Sexo			
Apto para a adopción	☐ SI ☐ NON		
Esterilización cirúrxica	☐ SI ☐ NON	En caso afirmativo (debe indicarse a data no seguinte recadro)	Data:
Identificación: implantación de microchip, inscrición no Regiac e expedición do pasaporte	☐ SI ☐ NON	En caso afirmativo (debe indicarse a data no seguinte recadro)	Data:
Desparasitación	☐ SI ☐ NON	En caso afirmativo (debe indicarse a data no seguinte recadro)	Data:
Vacunación	☐ SI ☐ NON	En caso afirmativo (debe indicarse a data no seguinte recadro)	Data:



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE E
CAMBIO CLIMÁTICOANEXO II
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA E SELO DO PERSOAL FACULTATIVO VETERINARIO RESPONSABLE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>